



RESUMO DA PROGRAMACIÓN DA MATERIA

Materia	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I (Semipresencial)	Curso	1º Bacharelato
Profesor/a	Rebeca Fraga Paz		

CONTIDOS

1º TRIMESTRE	<p>Os números reais e a súa representación. Aproximacións e erros. Potencias e raíces. Notación científica. Polinomios, operacións e factorización.</p> <p>Ecuacións lineais, cuadráticas, exponenciais e logarítmicas. Aplicacións.</p> <p>Sistemas de ecuacións de grados 1 e 2. Aplicacións e interpretación xeométrica.</p> <p>Método de Gauss. Formulación e resolucións de problemas mediante o uso de sistemas de ecuacións lineais.</p>
2º TRIMESTRE	<p>Funcións reais de variable real. As distintas expresións e características.</p> <p>Identificación da expresión analítica e gráfica das funcións polinómicas, exponenciais e logarítmicas, valor absoluto, parte enteira, racionais e irracionais. Funcións definidas a anacos.</p> <p>Interpolación e extrapolación lineal e cuadrática. Aplicacións a problemas reais.</p> <p>Límites e continuidade. Aplicación ao estudo das asíntotas.</p> <p>Taxa de variación media e instantánea. Aplicacións. Derivada dunha función nun punto. Interpretación xeométrica. Recta tanxente a unha función.</p> <p>Función derivada. Regras de derivación de funcións elementais que sexan suma, produto, cociente e composición de funcións polinómicas, exponenciais e logarítmicas.</p>
3º TRIMESTRE	<p>Estatística descritiva e bidimensional.</p> <p>Distribucións conxunta, marxinais e condicionadas. Medias e desviacións típicas marxinais e condicionadas.</p> <p>Dependencia e independencia de variables estatísticas. Representación gráfica. Covarianza e correlación. Regresión lineal.</p> <p>Sucesos. Probabilidades. Regra de Laplace. Axiomática de Kolmogorov.</p> <p>Combinatoria. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada.</p> <p>Variables aleatorias discretas e continuas. Medidas de centralización.</p> <p>Distribución normal. Tipificación e asignación de probabilidades.</p> <p>Matemática financeira. Capitais, aumentos e diminucións porcentuais. Taxas, xuros, capitalizacións e amortizacións.</p> <p>Recursos tecnolóxicos para cálculos financeiros e mercantís.</p>



AVALIACIÓN E RECUPERACIÓNS

En cada avaliación terase:

- Nota: media dos exames.
- A nota pode subir ou baixar ata un 30% segundo a actitude en clase e o traballo realizado.
- A nota obtida despois de aplicar a porcentaxe, aproxímase a dúas cifras decimais, e a nota que vai no boletín corresponde ao seguinte redondeo:
 - Ata as 75 centésimas corresponde ao enteiro anterior
 - Noutro caso ao enteiro seguinte
- Farase unha *recuperación/subida de nota* por avaliación, que:
 - será despois da avaliación
 - a súa realización será recomendable (hai opción a subir nota)
 - incluirá toda a materia
 - en ningún caso baixará a primeira nota

A nota da segunda avaliación será, no boletín, a media da primeira e da segunda.

A nota da terceira avaliación será a media das tres, coincidindo así coa nota final de curso.

Cando a nota final de curso sexa inferior a 4,75 haberá un exame final de toda a materia, no caso que non superen esa nota, deberán presentarse ao exame de Setembro.

No caso de atoparnos nun escenario de confinamento a materia seguiría impartíndose de xeito non presencial, a través das canles xa utilizadas: videoconferencias, Classroom, Aula virtual, correo electrónico...

Se o confinamento se prolongara no tempo, contemplaríanse os seguintes cambios na programación:

- A nota media da avaliación calcularíase facendo unha media entre a nota dos exames (ao 50%) e a dos traballos realizados e enviados (ao 50%).
- Os exames non presenciais poderían ser a través da Aula virtual, utilizando ferramentas de videoconferencia, correo electrónico, ..., segundo se precise en cada proba.

O docente da materia avisaría ao alumando do cambio nos criterios de avaliación.

MATERIAL OBRIGATORIO

- Caderno cuadriculado. Bolígrafo azul e/ou negro. Calculadora científica.
- Rexistro na Aula virtual
- Acceso a internet (moi recomendable)

.....CORTAR PORAQUÍ PARA ENTREGAR AO PROFESOR/A.....

O/a alumno/a:.....

Recibín a información que figura neste documento, referente aos contidos e a avaliación da Materia:

Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I (Semipresencial) (Adultos) para o curso 2020/2021.

Asdo: